

## O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

### CORTE Nº 5 CINTA 8



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

#### NOME DO DOCUMENTO:

MPG\_SaVi\_0008\_005\_en\_0\_39\_33\_id653\_D

#### AUDIO DE REFERENCIA:

MPG\_SaVi\_0008\_005\_en\_0\_39\_33\_id653.mp3

#### INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o quinto corte dos que se divide a oitava das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala de como os mariñeiros pasaban o tempo na tasca antes de ir a faenar, e dos xogos de baralla habituais para entreterse na embarcación. Tamén fala das caldeiradas que se facían os sábados.

#### NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

## DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 10 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**  
**Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen  
**Parroquia:** O Carmen  
**Concello:** Moaña  
**Provincia:** Pontevedra  
**País:** Galicia

## NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

## PALABRAS CHAVE

mar, mariñeiro, pesca, horario, embarcación, taberna, tasca, Moaña, caña, pago da renda, regata, xogo de baralla, brisca, ocio e tempo libre, caldeirada, reparto, pelexa

**EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Sara Santalla Iglesias

## TRANSCRIPCIÓN DO CORTE Nº 5 DA CINTA 8



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

P: E antes de ir po mar normalmente, cando se salía ás tres da mañán, a xente que iba da casa xa directamente para o barco, ¿antes non había tascas nin bodegóns abertos non? ¿a esa hora había?

R: Había por cousa dos pescadores, viña algún que sempre compraba, máis ca nada, caña. Mais ca nada. Irían sin comer, irían sin pan e sin comida pero a botelliña de caña...

P: A caña que non faltara.

R: E da terra, a caña... (?)

P: Normalmente que era caña branca.

R: Caña da terra. Eu creo que aquela caña debíanlle de botar, mezclar con algo. Era a caña que tomaban noite e día. Creo que estaban queimados, unha caña da terra propia, e había esa caña do mar, que era mui frouxiña...e bebíase cantidade de... (?) e iban pescar, decían que iban a pescar e despois... os individuos son a ostia.

P: E levábase máis caña que viño.

R: Viño non se levaba ningún, porque estaba máis barata a caña. E levábase un barril, un barril máis grande que este... deste de agua cheo para beber, e cando faltaba había que ir á Illa a buscala. Non podía estar a bordo o barco sin agua.

P: Coa resaca que produce a caña, despois ¿E que facían normalmente na tasca, tomaban viños cantaban ou... ?

R: As tascas. Cando non iban ó bar e andaba por aí pola area e tal, era como si...Polo regular, a xente que viña ó mar era máis a xente do campo que a xente de aquí da Plaia<sup>1</sup>. Porque a xente de aquí da Plaia o que non iba ó mar, tiña unha rapeta, tiña un boliche, un bou...

P: Viñan ós oficios baixos vamos.

R: Ós oficios baixos. Entonces iban a traballar eles. Entonce viñache a xente do campo a buscar algo de... un changüi e algo de cartos para pagar as contribucións. As contribucións íbanas a buscar sempre ó mar, a buscalas no verán e a pagalas no inverno ¿non? E eran o motivo ese de... pois agora cando viña o inverno esa xente de aquí (?).

P: Ás veces chegaban ó bodegón unha hora antes ou dúas ¿non? antes de embarcar. ¿Que facían nese tempo?

R: Pois na taberna. Agora que, moitas veces iban dereitos á chabola donde tiñan a...(?) Porque cada armador que tiña un barco, tiña un baixo para gardar á xente, e moitas veces contábanse, “¿cantos estamos? Estamos cinco ou seis ou dez, ¿quen falta? Falta fulano e falta fulano” Entonce se contaban para saber quen faltaba. Esperaban un momento a mirar si viña outro, viña outro, porque fíxo que todos non viñan á hora.

P: Si, pero non viñan todos.

R: Sempre quedaban un, dous, tres, un dous tres. En terra hoxe quedou un, mañán ou pasado quedou outro, según os traballos en terra que todos teñen..

P: ¿E en ese tempo de espera de que falaban, de que comentarios xerais, falaban de todo, de que falaban máis, de fútbol, de deportes, de...?

R: Daquela non había fútbol.

P: Non había fútbol, e de que se falaba.

R: ¿Daquela sabes de que se falaba? das regatas.

P: Das regatas.

R: “Nós andabamos andamos máis que vós. O noso barco e mais liviano que o voso”.

P: Entendían moito de barcos, cando un barco tiña máis caballos, que tipo de motor tiña.

R: Home! Aí non, era máis atrás, era cando eran de remos.

<sup>1</sup> Está falando da Praia, o que é hoxe o centro urbano do Concello.



P: Ah! Era cando andaban a remos.

R: Despois cando viñeron os motores, viñeron os motores xa, cando se traballaba de outra maneira.

P: Entonces antes... iso cando era de remos falábase de quen vogaba mellor, quen era mellor piquero, mellor patrón, como se engadaba mellor, falaban todo temas do mar ¿non?

R: Todo tema de... nós temos mellor dotación ca vós, o que ganaba máis... sacáballe a dotación máis forza ... (?) o barco ten máis forza.

P: Cambiábase a veces a xente que daba a voga<sup>2</sup> por outro, que normalmente todos estaban do mesmo sitio.

R: Agora que, na embarcación cada un collía o mellor puesto cando viña. O que viña da casa para embarcar, viña máis cedo e collía o puesto de menos traballo, porque había postos que había que vogar e mais tirar polo aparello. Non había postos fixos. Según embarcabas tiñas que coller o puesto que estaba vacío, solamentes o piquero era o que tiña o puesto fijo.

P: E despois cando viñeron xa os barcos de máquinas, que saían á noitiña, ían a fóra, tamén botaban muito tempo nas tabernas ¿non?

R: Pouco tempo.

P: Estaban pouco tempo nas tabernas, a veces mirábase por todo Moaña xente sentada coas patelas esperando a que viñera o aparello para metelo a bordo.

R: Eso era cando tendías os aparellos, e ibas, eles viñan á casa e viñan as chabolas e deixaban a roupa de augas a patela e todo iso (?), mentres íban a recoller o aparello. Entonces íban a recoller o aparello, metíanno no carro e viña o carro por detrás e eles viñan diante. Estirábanno no casete e se íban para a embarcación xa o metían a bordo e xa saían, e se cambian de aparello collían o aparello do barco e metían ese na chabola.

P: E cando estaban xuntos ó mellor xogaban ás cartas.

R: Había barcos que levaban cartas, e xogaban a bordo ás cartas.

P: Ó mellor se levaba a travesía unha hora ou dúas.

R: Eses si pescaban, que pescaban sen parar... Ó traballar estaban separados.

P: Tiñan algúns xogos entre eles ou xogaban ás cartas solo.

R: Xogaban ás cartas, había algún que tiña dúas ou tres cartas... o que máis xogaban era ó poxado.

P: O poxado.

R: E a brisca.

P: E non había así un xogo que desaparecera.

R: O único xogo que desaparecera era o que lle chamaban o solo.

P: O solo.

R: Era de tres individuos.

P: ¿E acordase como se xogaba?

R: Daban as cartas, vamos a trece cartas e despois deixaban unha debaixo de todo, e poxaban polos que tiñan na man, as que podían facer, e cando se quedaba a poxa na túa man, collías a carta que estaba parada.

P: Pero esa é o poxado.

R: Pois o poxado.

P: ¿E o solo que decía?

R: O solo é entre catro.

P: Ese xogo desapareceu practicamente.

R: Si, ese solo desapareceu.

P: E como se xogaba, ¿acordase como se xogaba ó solo?

R: Agora non.

<sup>2</sup> O que “daba a voga” ou marca o ritmo das padas, adoita ser o remeiro que vira á popa



P: E que outros xogos se facían no barco, facíase algún xogo de nudos, de mans ou algo así.

R: Se non aprendían nada. Moitas veces facía falta nudos, sempre había algúns mariñeiros que os aprendían particularmente.

P: E non facían, non ensenaban os uns ós outros en facer nudos.

R: Non tiñan interés. Non, porque era unha empresa que non tiña máis interés ca levar de comer e levar o quiñón e os cartos que lle tocaban, non lle importaba o interés de aprender para despois eles... de aprender o oficio, coller o oficio, hoxe son mariñeiro, hoxe son mariñeiro e mañán pode ser patrón, ou armador, non había esa ambición.

P: Era matar a fame do día e... Sin embargo nas tascas se xogaban tamén ás cartas ¿non?

R: Si, bueno á brisca máis que nada. Á brisca.

P: Si á brisca xogaban moito. E a veces cantaban entre eles ou soamente cantaban cando había caldeiradas.

R: Cando había caldeiradas non se xogaba ás cartas.

P: Non, ¿non facían cantos entre eles?

R: Cando había caldeirada era cando había o reparto se algo había. Despois había a caldeirada e facían o reparto, e moitas veces se había un tripulante que non iba dos, seis días, tres días ó mar, un día da semana o sábado aquel día viña ó bar, porque aquel día había o reparto e mais había o cabazo. Había o cabazo e a cociñada entónces...(ri)

P: ¿E ó final despois non se quentaban un pouco cando tomaban a caldeirada e non cantaban entre eles, cancións de tipo tradicional non?

R: De tipo tradicional. Limitábanse a pelexar e sangraban como porcos.

P: ¿Había pelexas entre eles, a veces?

R: Entre eles, desafiábanse entre eles, porque todo o mundo quería ser máis fuerte e había que facerlle un corro e había que deixalos pelexar hasta que se cansaban.

P: ¡Ai! si. Iso despois de estar ben cheos e ben bebidos ou non.

R: Este, un Taconero<sup>3</sup>, o Taconero vello, destes Taconeros o taconero e mais Manuel de Taramallos, o abuelo destes Taramalliños, deses Taramallos os Boubetas deses. Eses tiñan unha taberna donde está agora o banco Pastor en Moaña, que ten unha mesa aí fóra ¿non sabes? unha mesa de pedra, en aquela mesa era donde se poñían as tarteiras do peixe de cociñar e ó acabar de cociñar e poñer as tarteiras desafiábanse, de comer desafiábanse a pelexar e todo un cada un, todo o mundo ó redor no mesmo bar.

P: Pero pelexaban a puñetazos nada máis e a agarrarse, sen armas ningunhas.

R: Non, non, non, armas non. A trompadas, E cando se cansaban completamente, pois despartíanse e iban ó mostrador a beber, a beber un pouco e discutían porque “ti eres máis, ou eu son máis ca ti, e ti eres máis ca min” e volvían a pelexar. Pero anda que dunha ocasión, pois na carretera escorregaba moito e xente a mirar a eles como pelexaban. E dicían “Bueno, aínda non empezamos e xa escorregamos”, porque daquela gastábase zoques de pau, non había botas, de pau de Porriño ...(?) e unhas botinas parecían uns zoques, e despois xa pa area. Na area xa se cansaban, un caía para un lado e un caía para o outro.

P: E despois tan amigos.

R: Amigos. E eu non o miro mal (?). Cada un quería ser un máis ca outro. Era a ambición que había.

P: ¿E o que ganaba despois mandaba na tripulación? Ou non, non tiña que ver.

R: O que mandaba na tripulación, mandaba o patrón.

P: O que ganaba ó mellor facíase fuerte e quería mandar sobre a tripulación.

R: Na tripulación non mandaba máis que dentro do barco, despois de que saltaran do barco cada un mandaba en si mesmo. Eu mentres estivera a bordo do barco tiña que dirixirme polo patrón que eras ti, agora ó saltar en terra eu podía... era libre completamente.

<sup>3</sup> “Taconero e Taramallo eran alcumes ou “alcañas”, como se dicía aquí.



P: Si pero entre os mariñeiros, o que pelexaba máis ó mellor o que era máis gallito, quería mandar sobre os compañeiros ¿non? Porque pelexadas daquela había cada dous por tres.

R: Nas tabernas era... nas tabernas había tódolos días, tódolos días. Cando máis pelexadas había era os sábados, cando facían contas os barcos, e cando máis se emborrachaban que bebían máis ¿non?. Puñaladas era o máximo.

P: ¿Tamén había muitas?

R: Muitas.

P: As cousas iban a maiores.

R: Na casa donde está agora alí o banco (Pastor), chámanlle Fontes<sup>4</sup>.

P: Tuvo unha taberna alí ¿non?

R: Xa os vellos, xa os vellos, hubo unha taberna que era Churrería.

P: Churrería ó lado si.

R: Do Xenio era Churrería. Alí sempre había, sempre, sempre, tódolos sábados, tódolos sábados había.

P: ¿E non ten habido mortes?

R: Non, mortes non.

P: Nunca chegaron a ese extremo ¿non? ¿E eran sempre os mesmos os que pelexaban?

R: Sí

P: Sempre os mesmos

R: Sempre había 15 ou 20, en todo o territorio, en todas as ocasións viñan porque “nós somos máis que vós”, pero individuos particularmente. Discutían por cada embarcación, porque “nós somos máis que vós”, contando cos outros xa... porque “nós ganamos máis que vós”. O barco...(?)Tomaban a cousa como personal deles.

P: Si como orgullo de aquela tripulación. Había outros momentos que se dedicarían a cantar, a meter farra ¿non?

R: A xente que realmente facía eses jaleos era a xente xa vella.

P: ¿E a xente antes iba muito ós baños?

R: Si estaban todos os días mollados, cando se andaba ó mar estaban todo o día mollados.

P: Pero non se iban ós baños, bueno dicir como se vai agora, coller un bañador e á praia, iba pouca xente ¿non?

R: Non iba ninguén.

<sup>4</sup> A propietaria da casa era Matilde de “Fontes”. “A Churrería” era o nome da taberna que rexentaba “O Xenio”.